



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es

WEB: www.boqueixon.com

BOLSAS E AXUDAS DE FORMACIÓN E PRÁCTICAS LABORAIS

Resolución do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das **bolsas para estadias** que se van realizar no 2015 correspondentes a **investigadores e técnicos** contratados en centros tecnolóxicos de Galicia e en organismos públicos de investigación con centros radicados en Galicia, alleos ao Sistema universitario de Galicia, ao abeiro das accións financiadas polo Fondo Social Europeo de Formación de Investigadores do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015, e se procede á súa convocatoria. **AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN - DOG, 13 DE XANEIRO**

REQUISITOS DOS SOLICITANTES: As bolsas poderán ser solicitadas por investigadores e técnicos con vinculación en vigor en centros tecnolóxicos de Galicia ou en organismos públicos de investigación (OPI), alleos ao SUG, que teñan centros radicados na Comunidade Autónoma nos cales desenvolve a súa actividade o solicitante. A vinculación laboral deberá estar vixente na data do remate do prazo de presentación da solicitude.

PRAZO: O prazo de presentación de solicitudes será dun **(1) mes** contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG.

INFORMACIÓN AOS/ÁS INTERESADOS/AS: Na web <http://gain.xunta.es>, no teléfono 981 541075, no enderezo electrónico: gain@xunta.es, persoalmente e na guía de procedementos e servizos administrativos, no enderezo <https://sede.xunta.es>

+INFO: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150113/AnuncioG0198-020115-0001_gl.pdf

Orde do 14 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de **formación** na Dirección Xeral de Comercio e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA – DOG, 23 DE XANEIRO**

REQUISITOS DOS SOLICITANTES: Estar en posesión dalgún título universitario de licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a ou de grao. Acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4...

PRAZO: O prazo de presentación de solicitudes será dun **(1) mes** contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG.

INFORMACIÓN AOS/ÁS INTERESADOS/AS: Páxina web oficial da Consellería <http://economiaeindustria.xunta.es>, na súa epígrafe de axudas, no tel. 981 54 55 99 e no enderezo electrónico cei.dxcomercio@xunta.es e presencialmente.

+INFO: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150123/AnuncioCA04-160115-0002_gl.pdf